



CONVOCATORIA DO VII PREMIO DE TRADUCIÓN AO GALEGO DE TEXTOS CIENTÍFICO-TÉCNICOS DA FACULTADE DE FILOLOXÍA

A Facultade de Filoloxía, en colaboración co Servizo de Normalización Lingüística da UDC, convoca o VII Premio de Tradución ao Galego de Textos Científico-Técnicos.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

Contribuír á dinamización, difusión e uso da lingua galega en contextos científico-técnicos.

2. PARTICIPANTES. FORMA E PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS

2.1. Esta convocatoria vai dirixida a todo o estudiantado da Universidade da Coruña.

2.2. A entrega dos traballos realizarase antes das 14:00 h do día 29 de maio de 2015.

2.3. Establécense catro modalidades:

- a. tradución directa do francés ao galego
- b. tradución directa do inglés ao galego
- c. tradución inversa do galego ao francés
- d. tradución inversa do galego ao inglés

2.4. Os textos para traducir son os seguintes:

Angélique Vantroyen, Ophélie Strugala et Jérémie Belleville: «Les hologrammes, de la fiction à la réalité?» (excluído o vídeo de Lewis Hamilton)

<http://www.imageshabitable.com/2013/10/14/les-hologrammes-plus-quune-fiction/>

Bará Viñas, Salvador X. (2012) «Innovación tecnolóxica e astronomía social na eclipse de sol do 17 de abril de 1912 no Barco de Valdeorras», *Revista da Real Academia Galega de Ciencias* vol. XXXI (desde a páxina 56 ao primeiro parágrafo da 61, incluído) <http://www.ragc.cesga.es/sites/default/files/revistas/articulos/pdf/innovacion.pdf>

Vukusic, P.: «Natural photonics», first appeared in the February 2004 issue of *Physics World* as “Light fantastic” (até a parte titulada “Biomimetic myths”, esta excluída)

http://live.iop-pp01.agh.sleek.net/physicsworld/reader/#!edition/editions_light-2015/article/page-5129

Pódense atopar os textos completos na páxina web principal da Facultade (<http://www.udc.gal/filo>) e na páxina do Servizo de Normalización Lingüística (<http://www.udc.gal/snl/>).

2.5. Presentaranse dúas copias dos textos, unha en papel, escrita a duplo espazo, e outra en CD (en formato pdf). Entregaranse baixo sistema de plica ben na Secretaría do Decanato da



Facultade de Filoloxía, ben por correo postal, indicando no sobre VII Premio de tradución ao galego de textos científico-técnicos, o lema e a modalidade a que se optar. Neste sobre incluírase a versión impresa do texto traducido, a versión en pdf gravada no CD e un segundo sobre fechado (en cuxo exterior figurará o mesmo lema) que conterá a identidade e os datos académicos completos da persoa participante, unha fotocopia do DNI, un teléfono e un correo electrónico de contacto.

3. MEMBROS DO XURADO E DATA DA RESOLUCIÓN

3.1. Os dous xurados estarán integrados polo profesorado da Facultade de Filoloxía que se indica a seguir:

Francés

Presidenta: Mercedes Regueiro Diehl
Secretaria: Dolores Sánchez Palomino
Vogal: María Pilar García Negro

Inglés

Presidente: Carlos Juan Gómez Blanco
Secretaria: Cilla Lourenzo Modia
Vogal: Antonio Raúl de Toro Santos

3.2. Os actos derivados da presente convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios do centro e nos seguintes enderezos web: www.udc.gal/filo; www.udc.gal/snl.

3.3. Non se concederán accésits.

3.3. A decisión dos xurados é inapelable e publicarase na segunda quincena de xuño de 2015.

4. DOTACIÓN ECONÓMICA E FINANCIAMENTO

4.1. O premio está dotado con 200 € para cada un dos textos gañadores.

4.2. O financiamento farase con cargo á partida orzamentaria 0100.0107.422D.480.08. A dotación total para o premio é de 800 €.

A participación neste certame implica a aceptación destas bases.

A Coruña, 10 de abril de 2015

O secretario xeral

Carlos A. Amoedo Souto